

## **O Parlamento de Galicia recibe a Medalla de Ouro de ANFACO-CECOPECA polo seu apoio á industria conserveira de peixes e mariscos**

- **O presidente do Parlamento agradece o recoñecemento no nome de todas as deputadas e deputados e reitera que a Cámara “está para contribuír a resolver os problemas, xamais para crealos”**
- **“Nun país e nunha Comunidade tan proclives ao minifundismo, a traxectoria de ANFACO-CECOPECA constitúe un exemplo a seguir”, afirma Santalices**

**Santiago, 5 de maio de 2017.-** O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, recolleu hoxe a Medalla de Ouro de ANFACO-CECOPECA, concedida á Cámara como recoñecemento polo traballo que desenvolve a favor da competitividade da industria de transformación e comercialización de conservas de peixes e mariscos e a defensa dos intereses do sector.

No acto de entrega do galardón, celebrado en Vigo este mediodía, o presidente do Parlamento agradeceu a distinción, no nome dos deputados e deputadas que integran a Cámara que, “malia discusións ou desencontros puntuais, procuramos sempre o ben común e o mellor para Galicia e para os galegos”. Admitiu que non resulta frecuente que a sociedade civil recoñeza o traballo dunha institución política e sinalou que “esta medalla ten, ademais, un valor especial por ter sido concedida por unha organización enormemente prestixiosa e prestixiada”.

Santalices puntualizou que co labor recoñecido por ANFACO-CECOPECA, o Parlamento limitouse a cumprir coa súa obriga,

“defender os intereses dun sector estratéxico para a nosa economía e para as nosas familias”. Sinalou, nesta liña, que “o Parlamento de Galicia está para contribuír a resolver os problemas, xamais para xeralos”.

O titular da Cámara galega puxo en valor o traballo de ANFACO-CECOPECA, unha organización empresarial independente, de ámbito nacional, que centra o seu labor na representación e defensa dos intereses de máis de 245 empresas pertencentes ao complexo mar-industria.

### **Exemplo a seguir**

“Nun país e nunha Comunidade tan proclives ao minifundismo, a traxectoria de ANFACO-CECOPECA constitúe un exemplo a seguir”, subliñou Santalices. Valorou especialmente o traballo que desenvolve o Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos da Pesca que, na súa opinión, certifica que “o investimento en investigación, desenvolvemento e innovación é sempre unha aposta rendible.

Na súa intervención, Santalices referiuse tamén ás liñas de traballo que está a impulsar desde a Presidencia da Cámara, orientadas a incrementar a calidade do traballo parlamentario, ao tempo que procura potenciar a relación entre o Parlamento e a sociedade.

Recordou tamén o presidente do Parlamento o seu empeño por “limitar a comida lixo e promover o consumo de alimentos cardiosaudables” no recinto da Cámara galega. E apuntou que como profesional sanitario sabe que “o peixe e o marisco en conserva pode e debe formar parte dunha dieta variable e saudable”.



O presidente do Parlamento rematou a súa intervención congratulándose por poder compartir as Medallas de ANFACO-CECOPESCA coa conselleira do Mar, Rosa Quintana, “unha das persoas máis traballadoras e valiosas que coñezo”, que recibiu a medalla de Prata. A Medalla de Bronce foi concedida a dúas traballadoras do sector conserveiro: Josefa García Lage, empregada de *Hijos de Carlos Albo*, e a Dolores Couto Loureiro, de *Calvo Conservas*. “Elas dúas exemplifican o labor insubstituíble de tantas e tantas traballadoras do sector, protagonistas silenciosas da exitosa expansión que vive a industria galega e española da conserva”, afirmou Santalices.

“Poder compartir esta distinción con tres mulleres como as que tamén hoxe foron galardoadas –rematou o presidente do Parlamento- fai que me sinta especialmente honrado porque se acredita unha vez máis que elas, as mulleres, son o verdadeiro motor, do mundo e de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.